

Daniel Lavesedo

Polavila

e outros relatos

CCV-RM



2002

© do texto: Daniel Lavesedo

© da edición: Biblioteca Virtual Eonaviega ~ CCV

<http://www.terra.es/personal/cvalledor>

Xaneiro 2002

Todos os dereitos reservados. Esta publicación pode ser lida libremente en Todos os dereitos reservados. Esta publicación pode ser lida libremente en formato dixital, pero está prohibida a súa reprodución total ou parcial sen consentimento da BVE.

POLAVILA

*A Polavila está conformado, formado e misturado por,
Precursión e percusión: Daniel Lavesedo. Brais!! e non máis.
Asesoramento lingüístico, espiritual,
conceptual e coros: Paulinha,
alias A terrible de Bouzas, alias A Punky dos 27 moños.*

Sacaron 4, 5 ou incluso 6 petas dos petos de cadansou chaleque vaqueiro. Miráronse de esguello, coma avergoñados de non saber el que querían facer. Había xa 3 ou 4 pode que 5 ciclos de tempo que fartaran de ir de folixa e lapar tintafemia até non acordar. Podían ir foder nasas á praia. Era aborrecido. El pensamento e el contrapensamento percorreron al tempo as seis testas. Se almenos lembrasen como se falaba. Decidiron subir al cumio da montaña verde, que apresentaba uha pucha branca despois da faloupada de tataranoite. Riron. Deberían fornecerse de drogas de abrigo para pasar aló enriba un par de ciclíos. Un delos non quería subir. Tíalle medo ás vacas, máis concretamente os xatíos, tan bonitíos e agarimosos. Enternécenme, pensou. Deixaron que marchase, e iso que podían retelo, sen problemas, solo con premer algún daqueles botois do chaleque. Pero daba igual. Incluso resolvían el problema del transporte sen ter que aturar a ese pesado. De feito xa el esqueceran cuando un delos meteulle un asubío electrónico a un despistado aerotaxi. El vehículo, sería mellor matinar nuha embarcación pois tía talmente a fasquía duha dorna de sete cuartas das que vougaban non vai moito pola ría, pois iso, a embarcación virou de sotaque al percibir no sou receptor electromagnético as pertubaciois sónicas del asubío e antes de que puideran pensar até tres presentouse co amplo sorriso del sou propietario por diante á súa beira. Subiron. Deitáronse nas cómodas camas de que dispoía a embarcación. Todos menos el que lle tocou ir diante de pé a carón del conductor-remeiro. A montaña verde, por favor. El pensamento ecoou no teito de lona del aerotaxi reflectíndose lough en milleiros de direcciois

trabucadas. Un delos, el que ía diante, tevo un pensamento individual. Así debían ser os berros.

Saíron del pobo axina, cuha precipitación que lles gustou a todos e desde el ramal que enlazaba cóa aeroestrada botaron uha derradeira ollada al pobo, á ría, al mar todo. Non pensaban voltar. Ou iso pensou algún delos e os demáis asentiron. El aerotaxista púxolles uha cál porno na megapantalla e chiscoulles un ollo. Entre homes, carallo! Penso eu que non haberá problema. Todos riron a gracia e mesmo algún delos ficou aparvado diante das voluptuosas imaxes que salían del trebello. Os que non quixeron facerlle caso a emisión, maiormente os que tían cuartos a noite anterior para poder ir de ciberputas, preferiron mirar polas xanelías a paisaxe que enhalaba en dirección al sou pobo. Centos de carteis, amoreados ás beiras da aeroestrada, bombardeábanos con mensaxes publicitarias que eran rapidamente clasificadas polos sous cerebros. Uha chamoulles a atención especialmente. Pensa en galego, é el tou cerebro. Era da Xunta de Galiza.

Chegaron antes del que aguardaban á peaxe. A señorita mui agarimosa díxolles el prezo e desexoulles un bon día. Todos puideron mirar, até el condutor-remeiro, como un delos, el que ía na xanelía que quedaba máis apegada al posto de peaxe, facíalle aloumiños á rapaza. Riron. Todos menos el chófer, que non semellaba mui contento co episodio. Pensaron que era un lerchán. El non lles fixo caso. Continuaron a viaxe cóas mentes en branco, cadaquén acubillado no sou corpo-refuxio. Almenos iso era de agradecer por parte del taxista; as máis das veces son uns lingüereteiros aborrecedores cansos de transportar xente.

El pobo da montaña estaba perto. Anuncioullo el cheiro a cuito que escorregaba polos diminutos furacos que deixaban as xanelías al pechar. Todos pensaron á vez nos peches presurizados. Todos menos el condutor-remeiro. Despois duha reviravolta del camín apareceu perante os seus ollos el pobo. Mais algo acontecera. A vitalidade, el rebulir de xente na ateigada praza desaparecera. Mesmo os dous bares estaban pechados. A nevarada que pousara no pobo deixáralo adormecido, aletargado aguardando que alguén o espertase. Baixaron del aerotaxi. Pagáronlle al malencarado piloto e nese mesmo intre decidiron nunca máis ir en taxi a ningures. Pouco importaba. Nunca máis irían a ningures.

Movéronse todos cara a porta del *Serodio* no que xa estiveran outras veces. Algún deles petou na porta, el mesmo que fora diante no aerotaxi e que xa comezaba a dar sinais de estar canso de ser el encargado das actividades físicas. El interior da baiuca estaba baleiro, cóas cadeiras rigorosamente ordeadas e colocadas en cadansou sito arredor das mesas elípticas. Todos coincidiron en apreciar a calidade na feitura del mobiliario, semellaba de castañeiro, avezados como estaban el teflón e poliuretano das ergonómicas cadeiras do *Ruralex* e o *Ardentía*. A ventoleira xeadá mancáballes na face. Algún propoxo seguir petando até despertar aos donos del bar. Os máis replicaron que non subiran á montaña verde para se empenecar senón a outra cousa. Aí rematou a pequena liorta. Decidiron inxerir dous ou tres pímulas, das que tían el simbolín de *Mitsubishi*. Tres dos viaxeiros forneceron aos outros tres das drogas-abrigo. Foron dar uha volta polo pobo.

Ía frío, muitísimo frío. Uns faloupos pequerrechos esvaraban mainamente polo ar até ficar engulidos polo manto branco del chao. A todos comezou a soarllas na cabeza a música dos *Sugarcubes*. Un deles pensou que a traía a borrasca de Islandia, que hougano estaba muito activa. Todos riron. El pobo non adormecía tanto como matinaran nada máis chegar. En todas as casas podíase albiscar a actividade dos sous habitantes mecendo nas vacas, limpando de cuito a corte ou botándolle leña al lume das cocías. Aínda así na rúa amáis deles non había outra cousa que tres ou cuatro cuzos famentos sen forzas tan sequera para seguilos. Deron en volver al pensamento inicial, os habitantes del pobo traballaban a reo mais este ficara realmente amortecido, adormilado como un vello borracho na barra dun bar. Entraron na corte duha casa, a que tía a porta máis aberta e que por este motivo semelloulles intuitivamente máis acolledora.

Dentro un home e uha muller axudábanlle a parir a uha vaca pinta. Todos matinaron en que era de leite, holandesa cuase seguro, e pareceulles interesante asistir al parto. Ninguén fexo nada por axudar na operación pero houbo olladas acusadoras cara el que fora de pé na dorna, que as soportou sen pestanexar. A parella, conviron que se trataba dun matrimonio pois non se semellaban físicamente, turraba con todas as súas forzas por uha corda que ellos sabían que antes ataran ás patas del xato. Tiveran sorte. Chegaban xusto no momento álxido del parto. Todos apreciaron as expresiois de forza que se marcaban nas

faces da parella, todos mesmo un burro que presenciaba a escena deitado al pé da vaca. El burro tróuxolles saudades do sou antigo compañeiro, el condutor-remeiro, e até houbo quen ceibou uha tonta bágoa na lembranza del lerchán. Xusto cuando el que fora de pé no aerotaxi adiantábase a axudar na operación gromaron as patas e a testa del xato da cona da súa mai. El animalín luitaba por manterse erguido, afacéndose al novo mundo no que acaba de aterrar e el home da parella introduciulle dous ou tres dedos na boca a ver se mamaba. Algún pensou que lle deberían dar uhas xostradas no cu coma ás crías-home. Outro dos que forneceran de drogas-abrigo aos compañeiros pensou meterlle a pirola na boca a ver se tamén mamaba, mais os outros aborregaron nel chegando a comprometerse a lle conseguir uha ciberputa en cuanto puideran. Decidiron finalmente deixarlle algún agasallo en pago del bonito espectáculo. Non tían un res axeitado para un xato. A verdade era que solo trouxeran drogas-abrigo así que resolveron darlle á parella pímulas douradas, líquido alcólico e haxix. A parella aceptou el agasallo e incluso insistiron en que subiran á casa a tomar un café mais rexeitaron a invitación elegantemente. Preferiron volver al frío.

En saíndo da corte, torceron por un carreiro que se tornaba del pobo subindo cara el curuto da montaña verde. Percibiron que un sinal tapado pola neve indicaba alguha dirección esquecida. Lougo por aquí non se vai a ningures. Déronse conta que xa non escuitaban aos *Sugarcubes*, agora sentían uha musiquía noxenta e non tían máis drogas-abrigo. Arreconchegáronse para arredar el frío. Xistraba e as bafaradas de neve arremuiñábanse al sou redor querendo facelos desistir na súa andaina. Non o conseguiron. No cumio mesmo da montaña uns neois verdes anunciaban el Furaco del Inferno. Embaixo delos un vello barballento, sentado nun tallolo de madeira, todos matinaron nas cadeiras e mesas del *Serodio*, vixiaba el furaco e as valas de madeira que el arrodeaban. Apoiáronse todos nelas e miraron un furaco fondo, mouro como as xeadas máis ruías. Ningún o recoñeceu pero todos sentiron un desacougo que lles percorría el lombo. El vello féxolles acenos para que se achegasen. Todos foron onde el, curiosos. Os ollos del vello reflectían a imaxe dun neno atrapado naquel corpo escangallado. Non parecía, malia todo, triste.

Faloulles.

- Tedes feito muitas cousas nesta vida. Uhas bóas, outras ruías e escuras

coma a bile.

Alporizáronse muito. Nunca antes ouviran falar a alguén. Sentían abraiados as ondas sonoras que emitía a boca del vello e como lles batían nos sous corpos, cuha sensación nova, cuhas cóxegas de pracer que xa quixeran no sou repertorio muitas ciberputas.

– Xa vexo que sodes de fóra. Nunca sentírades falar. Xa ninguén fala..., pero ese non é el conto. Dicíavos que fixestes muitas cousas na vida, pero a vosa misión, a razón da vosa existencia acabades de cumplila hai un momentín. Nesa corte pechastes el voso ciclo. A función de onda que vos guía tía un única solución e acabades de atopala, e ben sei que non foi a mantenta.

Os viaxeiros pensaron. Por primeira vez se calla nas súas vidas, pensaron. Nas indescriptíbeis sensaciois del son duha fala, nas estrañas palabras del vello. Aínda así non entenderon nada.

– Non é tan doado. De feito mui poucos foron capaces de atoparlle el significado as cousas mesmo antes nos tempos das palabras. Tanto ten. Tampouco é el importante, el importante é tentalo. Ou quizais el importante é que as cousas, por un motivo ou outro, acontezan, aínda que os que as fagan non sabían el porqué.

Algún delos, dos que estaban máis lonxe del vello, pensou algo e el sou pensamento sacudiulle na gorxa uns musculíós atrofiados e saliu feblemente pola boca:

– Estás tolo, vello.

– Pode ser. Pero xa conseguín el milagre.

Miráronse de esguello, coma avergoñados polo que el sou compañeiro acababa de facer. Todos querían saber máis. Preguntarlle al vello, pero ningún logrou rachar el temor que lles producía a nova habilidade descuberta. Así que el que antes falou, volveu facelo:

–Onde leva el furaco?

El vello riu e botou el corpo para atrás até cuase entornar el tallolo. Lougo parou de rir e abriu uha cancelía que daba paso cara el furaco.

– Non sei onde leva. Pero déixovos comprobalo. De todo os xeitos, sempre se dixo que non levaba a ningures.

Todos pensaron que era aí onde querían ir. Onde tían que ir. Pasaron al

interior del valado e os máis ousados chegaron a botar a cabeza querendo adiviarlle el final.

- Non teñades medo. Saltade.

Os viaxeiros foron saltando de un en un al interior del furaco. Namentres caían, os sous berros fuxían del furaco cara a atmosfera. Fóra, el vello escouraba.

A MONTAÑA

Esta é unha historia que me contou, unha tarde chuviosa e fría do mes de Xullo, un vello en Budiño, na barra do “Miramontes” arrodeados de concas de Condado e de Trinaranjus de ananás, que ao pobre do home prohibíralle o médico a bebida. E o asunto foi que o vello contoume que cuando el era novo, *denantes da gherra*, rubira un día as laxes das gándaras e estando aló no cumio a ollar para o vale da Louriña escoitou unha voz a se laiar atrás del, *Ai, home!, mala vida levo!*. Ficou abraiado ao dar volta e non ver ren ás súas costas. *Coma un paspán quedei*, díxome namentres abría a penúltima lata, *cando sentín de novo o laio: Ai, vida de cans!*. Saía do mesmo inferno afirmou. *Paralizado polo medo, atinei preguntar: Pero, Quen es?; son a montaña, ho. O seu espírito. Pois é rache boa, falábame a terra*. Díxome que aquilo o acougou, xa que era sabido que o espírito dunha montaña sempre é de fiar, non como os trasnos das beiras dos ríos ou as fadas de estraño nome. A montaña explicoulle a razón do seu malestar. O lume. As alma con cada queima. O meu amigo non soubo como consolala e marchou para a casa con mal corpo, maquinando un xeito de aliviar a dor do monte. Voltou subir á semana, con dúas cereixeiras pequenas da súa finca, que lle prantou á montaña no curuto. E por moitos anos, voltou unha vez ao mes no verao a prantarlle dous pexegueiros, un castañeiro, ou o primeiro que atopase na súa casa.

Mais, díxome como se arrenegase delo, tiven que marchar a Suíza. Votei alá vinte anos traballando coma un neghro e cando retornei fun ver o espírito denantes de ir saudar á familia. Inda lle quedaban moitas das árbores que eu lle prantara, lucindo ghrandes e bonitas pero estaba aqueloutrado por outros asuntos. Coa cheghada da modernidade, das estradas, do aeroporto a infeliz afoghaba. Aledouse de me mirar, inda que lle notei que entristecera, coma se nun anaco de tempo tan pequeno na vida dunha montaña tivese realmente avellentado. E iso non foi o peor, soltome con expresión sombría mentras

xogaba cóa chapía da lata.

Contoume que voltara casado de Suíza, cunha moza de Chantada que coñecera no hotel onde traballaba e a muller quíxolle ir para Vigo. Marcharon e cos anos as visitas a súa amiga foron alonxándose no tempo, até que unha mañá lendo o *Faro* mirou unha foto aterradora. As graniteiras puxeran explosivos a mao chéa no monte, *pró Rosa Porriño que non digo que non haxa que traballar o monte, mais...* A carga, desproporcionada por mor dun estudio inadecuado e feito ás presas, fendera a montaña.

O home saíu na procura da vella amiga pero por máis que berreou até que se fixo a noite, ninguén lle contestou. *Morrera*. E sentiu que lle morría tamén algo a el no peito. *Deume un achuchón, díxome cun riso, que case non a conto. Estiven tres meses encamado no Xeral e voltei pró pobo, e aquí estou sen me poder tomar unha taciña por culpa dos cabróns das graniteiras.*

MORTE NA PRAIA

Mirou cara a xanela aberta; Uha lúa chéa de volframio alumeaba na noite e a rúa estaba deserta. Acolouse na xanela a fumar un pito que sacou dos vaqueiros, mentres el fume espallábase na escuridade buscando a luz puido enxergar a ría de Aldán, queda, descansando da nortada que batera todo el día. El motor duha chalana que salía de Vilariño rachou a noite co sou monótono ronroneo que semellou un sinal para que tres ou cuatro gamelas salidas da nada comezaran achegarse al peirao. Un desexo súpeto de ir pescar pasoulle polo corpo. No peirao tres paisanos andaban ás luras, alleos al choio dos que voltaban del mar. Colleu a cana e as poteiras e foi cara aló.

Despois dun agradábel paseo pola praia chegou al peirao de Vilariño. Os dous últimos pescadores abandoaban nese intre e lle adicaron un bóas noites fosco desexándolle tan mala pesca como semellaba tiveran eles. Non parecía que se achegase ninguha barca máis e parouse no medio del peirao a desfrutar da solidade que lle fora concedida.

Debían ser as tres da mañá cuando levantou un choco que medio durmido fora parar no derradeiro chanzo lambido pola augua, nuha das escaleiras laterais del peirao, co que en algo máis dun hora levaba uha ducia delos máis uhas cuantas luras de bon tamaño, nuha das mellores noites de pesca que nunca tivera. Meteu el choco no caldeiro despois de quitarlle el anzolo e puido ver a lenta agonía na que ían morrendo os animais, acusándolo cos sous ollos aterrados de asasino. Ergueu a vista del caldeiro, rindo de si mesmo por non ser quen de aguantarlle a ollada a un cefalópodo moribundo e marchou para casa cóa colleita na mao, xustificando as mortes co arrocín que ía facer al día seguinte para xantar.

A medio camín da casa, na praia, mentres seguía a se atormentar os miolos co que pasaría pola testa dun choco cuando el sacan del suu mundo feliz, ficou abraiado al ver, por derriba duha chalana volteada, uha bandexa chéa de tortilla,

curtada en pedacíos cadrados e todos sorprendentemente iguais, todos con cadansou mondadentes cravadín no centro. Mirou a un e outro lado e non había ninguén na praia. A imaxe pareceulle surrealista, os pinchos aí no medio da praia dicíndolle “Cómeme” coma se fose Alicia no país das marabillas. Non se puido resistir. Botoulle a mao a un pedazo e ergueulo até a altura da súa cabeza, tía uha pinta estupenda e despois de darlle un par de voltas máis meteulo na boca.

De súpeto notou que algo turraba do pincho cuha forza inusitada, levantándolo del chao al tempo que se lle cravaba no paladar un anzolo. Quíxose soltar mais os sous desesperados movementos solo conseguían que el ferro lle penetrase máis na carne; subía a uha velocidade pasmosa e viu horrorizado como a praia quedaba cada vez máis lonxe, máis abaixo, a cabeza comezou a lle dar voltas e perdeu el sentido.

Acordou al bater contra un chao duro, semellaba plástico, con brusquidade. Intentou erguerse mais na caída rompeira as pernas, notou que apenas había osíxeno nel ar e que estaba a afogar a modín. Non era quen de se mover e un pánico indescribíbel apoderábase del sou cerebro al ver que non podía respirar, os ollos salíanselle das órbitas e daba trabadas al ar mentres notaba el corazón petándolle forte no peito, pedindo un osíxeno que non había.

Nun derradeiro intre de consciencia, pareceulle ver al lonxe uns ollos grandes e sanguinolentos que, divertidos e curiosos, intentaban albiscar que lle pasaba pola cabeza mentras morría.

Xa nin lembraba cuanto tempo levaba tras da reixa. Xa cuase que nin sabía porque estaba aló. Non era culpábel, eso sabíalo, abofé que el sabía. Mais el era pobre, non tivera os cuartos necesarios para pagar un avogado e sen entender como rematara na cadea. Protestou, rebelouse na inxustiza, uha vocecía berrando na ourela del Grande Sistema. *Si, Sr. Leiro, non se amole. A xustiza existe, Sr. Leiro, lenta pero inexorábel, Sr. Leiro.*

Agora sorría al lembrar que por un tempo crera esas verbas. Os meses, os anos pasados acoldado na reixa aguardando esa xustiza, queimando a vida porque si, quizais por mala sorte, quitáranlle da testa esas arelas. Vira chover, vira sair o sol, até uha vez, no triste mellor día del seu encerro, vira cair faloupíos que non chegaron nin a coallar na espida praza que se atopaba tras da reixa.

Vira os robots del Grande Sistema limpando na praza, alleos á ollada del home que tan só buscaba xa el reconforto dalgún xesto, da calor dalgún xesto que lle voltase a súa condición de ser humano.

A inquedante rutina das tres comidas diarias, das sete horas ás escuras, cuando baixaba a persiana metálica coméralle el corpo. A tristura que tía, a sensación de que el tempo que lle correspondía alguén llo arrincara porque si, levaránno pasar a vida agarrado a esos barrotos, chorando por non ser quen de ser home, porque lle non deixaban ser un home.

Un día, no solpor, a reixa abriu cun renxer de anos pechada. El home botouse para atrás, recuou buscando abeiro no fondo del habitáculo. Nada pasaba. A praza alí estaba mais el sou debuxo xa non se apresentaba entrecortado pola reixa. El acubillouse no requeixo máis arredado, tremendo, saloucando co medo, odiándose a si mesmo por non ter salido correndo á praza en cuanto mirou abrir a reixa.

Ergueuse, saliu da súa cela avanzando cara a praza que anos estivera tras da reixa sabendo que ía á morte segura. Saliu con medo, como se el chao lle parecese falso, como se avanzase ás apalpadelas pola espida praza. Detévoise no medio dela. Comezou a chovisnar e sentiu a fresca humidade del augua no corpo. Riu, se cuadra por primeira vez riu e continuou rindo cuando mirou aos catro láseres dos torreois a lle apuntar e continuou rindo mentres caía al chao, mentres morría, e os robots non entenderon por que ría.

EL ÁNFORA

Este relato foi galardoado no premio da universidade de Vigo de Relato Curto 2001

El mar estaba maino, cuase que durmido. Cuha quietude que poucas veces se miraba no Gran Sol. El *Porto Mouríño* facía a derradeira noite da marea, antes de aproar cara Vigo. Non fora mala de todo, agás el desagradábel incidente cóa patrulleira irlandesa. As adegas ían ateigadas de sapo e castañeta e iso notábase nel aire del palangreiro, nas brincadeiras dos mariñeiros, nos sorrisos esbozados nas faces de sal e espuma. Subían a rede, se cuadra por derradeira vez na marea, entre bromas e parabeis al Charli, el de Beluso, pois a radio trouxera a nova de que ía camín de ser pai. Cuádranche as contas, Carlos? E lougo, por que non lle chamas butaneiro? A rede subiu pousando nel bandullo del *Porto Mouríño* uha morena de peixe que se espallou molmente sobre el ferro. Había muito peixe, muito, tanto como para non ter que botar máis a rede. Fora uha boa marea, abofé que si. No medio dos agonizantes peixes que trababan nel aire buscando a vida había un obxecto estraño, semellaba uha vasilla, que chamou a atención dos homes. Daquén a sacou de entre a pesca. El Tucho, un de Muros calado como un morto, dixo que era un ánfora. Un ánfora romana. Dizque non é a primeira que se atopa nuha rede. El patrón baxou da ponte examinala. Pareceu muito sorprendido coel achado e el e el Tucho, el de Muros que seique fora á universidade, falaron un cacho del obxecto sen que ninguén máis entendese muito ben que carallo estaban a dicir. El que faen os estudos. El ánfora foi parar al camarote del patrón e Nelín, el máis vello dos mariñeiros, rosmou algo mentres estracuñaba el polegar entre el medio e el furabolos.

* * *

Xan apuraba el paso cara a entrada del pazo, fuxindo das grosas pingas que comezaban caír dun ceo escamento. Na entrada del museo, Pepe el vixilante, mais el vello policía local compañeiro de lérias, entretían el tempo escuitando el Celta na radio. Perdemos dous un. Xan fexo un aceno de noxo. Este ano non subimos. Na porta del sou despacho estábanno a agordar el director del museo

e mais el da Fundación Quiñones de León. Mala cousa.

Que aconteceu? Nada Xan. Ou poderíase dicir que nada malo. Ou si, tampouco se sabe.

Detestaba ese ton intrigante del director del museo. Non se decataba que era el puto director dun museo, non Indiana Jones. Contáronlle el achado del *Porto Mouríño*. Algo escuitara nallures, mais non era a primeira ánfora que atopaban no Gran Sol. Ata un neno da ESO sabía da existencia dun importante comercio marítimo entre el norte da Hispania romana, incluso de máis lonxe, e as Illas Británicas. Non entendía que fían aí esos dous homes. Pola súa cabeza pasou a idea de mandalos á merda directamente. Gorentáballo. E sabía que non o podía facer. El director da fundación falou.

El tema éche que el ánfora posúe varias inscriciois, uha especie de albará, daqué como ben sabes muito estraño. Pola cabeza de Xan pasaron de contado os datos sobre as cuatro ou cinco ánforas con inscriciois atopadas no mundo. Reminiscencias da etapa universitaria. Odiábalas. Só por isto xa se converte nuha peza de grande valor, que me atrevo a dicir é practicamente propiedade del museo. Un alustro cobicioso atravesou a ollada dos directores. Aquí teis uha traducción por riba das inscriciois, da parte lexíbel realmente,

“ De Xaulio, fillo de Iul, fillo de Bidreito.(.....) Aos irmaos del ceo na terra de Erin.Sangue da lúa.”

É daqué estrano. Falara por non estar calado.

Xa el sabemos. Queremos que coordines uha equipa interdisciplinar encargada de estudar a ánfora. Permitímonos a licencia de nos poer en contacto coel profesor Estrada, el paleoquímico, para que fose el el que levase as análises químicas del estudio. Non puido reprimir un xesto de noxo. Aborrecía al pedante de Estrada.

* * *

Santiago Pastoriza mirouse no espello, como fía cada vez que volvía duha marea. Nese espello fora mirando pasar a súa vida desde os 24 anos, cuando embarcara por vez primeira no *Mediodía* cara el Canario-Sahariano. Nel ollara engurrarse a sua cara de rapazuco ata dar coel home vello que agora reflectía sen piedade. Desta vez era distinto malia todo. Atopábase, mirábase canso. As canas senlleiras que abandonaran Cangas había cuatro meses nel *Porto Mouriño* fixeran muitas amigas no Gran Sol e retornaran todas xuntas para presentárselle nel sou espello. María semellaba gustar delas. Un capitán debe ter canas, meu ben. Dalle un aire de superioridade coa tripulación. Mais el notábase canso. Mesmo non fora quen de aguantarlle á muller nen uha hora de luita nas sabas a primeira noite. Aínda membraba cuando volvera da primeira marea hai vinte anos e iso que tivera tempo de gastar folgos en Tenerife cuha mulatiña. Mía mai! Estiveran fodendo a noite toda estreando todos os cuartos da casía nova. Ben é certo que daquela non tían os rapaces. Pero a noite toda, eh. El espello devolveulle un canso sorriso. Iso si que era vida. Agora doíalle el alma. Mañá tería que ir a Vigo al Xeral facer un chequeo. María dicía que eran os anos, que non pasan en balde. Que xa non eran tan novos e non sei cuantas lerias máis. Quizas puidese enganar el corpo un tempo cóas verbas da muller. Quizais. Se non fose polo espello. El espello nunca lle mentiría e el nunca lle podería mentir. Os dous sabían que non eran os anos. Nen a canseira. Había daqué máis. Daqué que vira con el desta marea e que aqueloutraba a imaxe cansa del espello.

* * *

Na barra del *Carlete* el albariño de Viñó fuxía das concas a un ritmo que metía medo. Acoldadados nela, amais dos habituais, atopábanse dous homes, un algo maior, roldaría os cincuenta anos, e el outro apenas un mocín sen barbas que semellaban lapar del branco coma se nunca antes na vida tivesen bebido e quixesen recuperar el tempo perdido. El Sesi ollábalos ledos da outra banda da barra cun purín nos beizos, desos pequenillos que gusta de prender nos días

sinalados: no Antroido, polo San Bartolomeu ou cuando algún vello amigo voltaba duha marea rendirlle visita polo bar.

E louto, foi bóa a marea Nelín? Das mellores. E iso que non rematamos na cadéa irlandesa porque Deus non o quixo. Andaron a foder en nós un día enteiro cheirando como cais barco arriba, barco abaxo mais non atoparon nada. Porque iamos coel Pastoriza, coñécelo, non? El que ten casa en Balea, que está casado cuha moza de Aldán? Ese mesmo. Pois chega ser outro máis pirata e inda estábamos hoxe en Castletón apreixados. E que querías? Nós feríamos el mesmo se visen pescar eles nos nosos caladoiros...

El Gran Sol é máis noso ca de sou. Iso tamén é verdade.

* * *

Atrás delos, os mozos de Vilariño zoupábanlle al fubolo ata sacar os bonecos das barras. Un delos berroulle al vello mariñeiro. E non traes ningún conto desta volta, Nelín? Nenguha historia desas de altamar e borracheira?

El Sesi bateulle al rapaz desde a barra cun vimio que tía para ocasiois como esa. 'Tá calado, lacazán.

Pois si que hai conto, si. A derradeira noite, cuando xa estábamos cuase que de volta, subimos un ánfora, chámase así non rapaz? El mozo asentiu cóa testa e volveuse mergullar no viño. Uha desas dos romanos. Al capitán féxolle muita gracia e levoula para el sou camarote, non sei se quedou con ela ou a deu á Xunta ou a un museo. El asunto é, e eu non dixeran nada no barco para que non me chamasen agoreiro, que uha desas a atopara el *San Amaro* hai corenta anos ou máis e en chegando a porto non durou ningún dos mariñeiros nen seis meses vivo. Todos morreron de vagar, non foi dun día para el outro nen accidente nen nada así, pero todos morreron. Dizque fora un meigallo que botaran al iren a pique os que levaban el ánfora esa. A maldición del Arao.

As gargalladas sentíronse no cruceiro de O Hío. Ata el mariñeiro máis novo fexo por rir pero non puido. E tu como sabes esa historia, Neliño? El meu avolo era

un dos mariñeiros del *San Amaro*. Todos calaron.

* * *

Por fin tía diante a famosa ánfora. En realidade non era mui distinta das muitas que mirara na sua vida. Era evidente que provía del mar, el sou estado incólume de conservación confesábalo. Mais aos ollos de alguén inexperto non tería ninguha diferenca cóas tres ou cuatro que xa tían no museo. Al mellor fora iso el que desanimara al director del museo. Seique quería que levase el logotipo da cocacola en latín vulgar. A verdade é que así de seguro que enchían el museo de curiosos. Mesmo vía algún da tele. Aborrecía á xente da tele. Miraban para el como se fose un becho raro, alagado coma estaba sempre el sou despacho en librois vellos e poeirentos cuando vían entrevistarlo. Prefería aos dos xornais. Semellaban terlle máis respecto aos libros. Posuía tamén xa a traducción integra da inscripción del ánfora. El só non fora quen de levala a cabo e teve que recorrer a Carmela Liboreiro, doutora en linguas mortas pola Universidade Pompeu-Fabra. Os directores ficarían contentos cóos excelsos membros da equipa interdisciplinar. El ficara abraiado coa mensaxe que Mela viña de lle mandar pola rede.

* * *

Querido Xan,

El texto que me pasache é algo ben curioso. El anaco que non fuche quen de traducir non é, evidentemente, latín. Semella uha mistura dalguha lingua del tronco indoeuropeo mui deturpada cun substracto descoñecido e algún latinismo ceibo polo medio. Fascinante. Xúntoche a traducción, sería mellor dicir "reconstrucción", del texto. Non é exacta mais penso que recolle con verosimilitude as ideas básicas. Bicos.

" De Xaulio, f. de Iul, f. de Bidreiro. El noso tesouro,(ou dos dous, non está

muito claro), *viaxa ás vosas terras para fornecer al príncipe dos páxaros. Aos irmaos del ceo.* (Agora doutra volta en latín) *Aos irmaos del ceo da terra de Erin. Sangue da lúa.*

P.D.

Débesme unha cea.

* * *

El profesor Estrada ría a cachón no sou despacho. Diante del atopábase a bolseira Begoña Pérez cúa cabeza baixa e as fazulas vermellas pola vergoña. Gustaba desos intres de humillación que de cuando en vez lle propiciaban os erros e inexperiencia dos sous bolseiros, sobre todo se llelos propiciaban mulleres. Meteu as maos nos bolsos botando cara atrás a bata branca nuha pose de pistoleiro del lonxano oeste.

Así que a proba del C-14 permite datar a peza nuns dousmil ou doumildouscentos anos de antigüidade, muito ben, e que a peza é dun material descoñecido con características metálicas e coel salientábel dado de non ser analisábel por ningún método espectroscópico al amosarse opaco a todo tipo de radiacións. Ha, ha. Espera, espera que vén el mellor. A análise radioquímica del interior da peza deu probas da presenza a nivel ultratraza de diferentes isótopos de uranio. Posíbel orixe del material: Extraterrestre.

A bolseira semellaba minguar ata case esvaecer no interior da súa bata. Tatexou uha resposta, pero, pero as análises profesor...

Nen análises nen hostias! Que quer? Que a faga volverse matricular en primeiro de carreira? Isto é un traballo serio, señorita. Estoume plantexando expulsala dos cursos de doutoramento por esta burrada. Lisque de aquí!

A rapaza saliu silandeira del despacho, máis rubia que uha picota. El profesor Estrada botou el relatorio á lixeira.

Demo de rapazas!

* * *

María levaba chorando todo el día. Cuando mirou a súa cara no espello puido enxergar os sucos salados das baguas que lle caíran ata el corazón. Avellentara dez anos en dous meses. Xusto el tempo que levaba facendo probas no Xeral el sou home. E ela quixera restarlle importancia cuando el mirou baxar del barco, delgado, feble, coel lombo curvado coma un vello. Xa el detalle da primeira noite féxolle mirar que daqué non andaba ben. Noutras ocasións, cuando Santiago volvía del mar, pasaban a noite enteira abrazados, enguedellados con paixón recuperando os meses de xexún forzoso. E iso que ela non dubidaba das historias que contaban as mulleres da vila dos portos canarios ou irlandeses. Mais iso non importaba. Tamén ela amigara cun rapaz de Darbo que lle axudaba pasar as noites baleiras. Iso nunca importara. E agora preguntábase como ía aturar el resto das noites da súa vida, sen a esperanza del retorno. Porque non había esperanza. El informe médico fora ben claro, como non adoitan selo. Diagnóstico: Leucemia. No espello podía lembrar os ollos asustados del sou home cuando el deixara esa tarde na habitación del hospital. Os ollos temerosos que miraron para el letreiro amarelo e negro que puña *4º andar. Oncoloxía* e buscaron os sous para decirlle algo que non quería entender. Arredou a vista del espello. Tía que se deitar. Mañá comezáballe a quimioterapia.

* * *

Sopraba un norte que rachaba os beizos e el alma, estrañamente acompañado dun barbizo friento. Dizque está a nevar no Xaxán e no Galiñeiro. Non sabía por que carallo quedara con aquel home na porta del pazo, en vez de facelo no sou despacho ou en Vigo. Sorriu. Había tempo que non empregaba a vella expresión del Val do Fragoso. Vou a Vigo. Un coche negro freou con brusquidade na

rotonda del parque, al pé del teixo e del baixou un homín rechoncho, careca e cuns simpáticos lentes azuis. Caiulle ben de primeira impresión. Debía de ser el profesor O'Kinley. Saludáronse cúa serenidade académica que tanto lle desgustara outras veces pero que desta volta antollóuselle ata un chisco graciosa. Foron cara el sou despacho.

El profesor examinou a peza con agarimo. Debullánda, coma se non quixese mancala. Xan observábalo a el. Dixo que era impresionante, coma mui poucas veces mirara antes. Interesoulle especialmente el texto inscrito no lateral del ánfora. Cuando Xan ía achegarlle uha copia traducida al inglés del mesmo el rexeitouna con cortesía.

Enténdelo? Of course. Un anaco é latín evidentemente. A parte central está escrita nuha vella lingua que se falaba no sur de Irlanda e alguha zona de Gales hai muito tempo, se cuadra antes que el gaélico das devanditas zonas ou cando menos de xeito simultáneo. É a lingua dos *lamok Teistcë*, dos homes del ceo.

Dos homes del ceo? Si. Trátase duha cultura pouco estudiada pero que semella acadou un grao de desenvolvemento mui elevado para a súa época. A presenza dos homes del ceo nas lendas irlandesas élle muito abundosa, de feito el pouco que sabemos pódese dicir que chegou ata nós por medio da tradición. Muitas destas lendas atribúenlle a este pobo uha orixe incerta, podería ser da Bretaña ou ben da Galiza incluso algún apunta cara a mítica Atlántida ou as terras del Cabo Verde en África. Todos os datos apuntan cara un *finisterrae* e esta ánfora semella consolidar a opción galega. De todos os xeitos ben sabe vosté a moréa de lendas galegas e irlandesas que vencellan estas dúas terras.

Si, si é evidente. E el que pensa del resto da inscrición?

Al profesor O'Kinley pareceu incomodarlle a pregunta. Pechou os ollos un intre e cuando Xan pensou que quedara durmido, volveu falar. Hai uha lenda, uha vella lenda que eu coñecín persoalmente de neno, da boca da mía bisavola, que conta a historia da chegada dos *lamok Teistcë* a Irlanda desde un país de brétema montados todos elos nun arao de lume que se alimentaba tan só duha estraña beberaxe, el sangue da lúa. Conta a lenda que os illeiros quixeron

roubarlle el arao aos *lamok*, marabillados coel cabalo del ceo, mais morrían tan só al se achegaren a el, dizque polo sangue da lúa. Entón, irados, sobornaron a un dos estranxeiros, non afectados polo mal del sangue, para que el matase. Este guindou el arao e el bebedizo no lago Dergh, enl que aìnda hoi as mais non deixan bañar os sous fillos. Por iso os *lamok Teistcë* tiveron que ficar para sempre na nosa terra.

* * *

Begoña Pérez escarrapatou no sou sofá. El sou mozo xogaba á *play* e nen sentiu a sua chegada. Deixa esa merda e fahme algo de caso. Os sous ollos miráronna de esguello, rápidos, mentres os polegares premían teimudamente naqueles coloreados botois. Xa che fago caso rula, é que estou a rematar el *Devil Evil*. Begoña liscou alporizada cara a cocía. 'Tóu farta de que ninguén me faga caso. El sou mozo ceibou por un intre da tortura aos botois e rañou a cachola. Non hai quen te entenda.

* * *

As nubres bulían no ceo como se alguén estivese movendo a manivela del tempo demasiado de présa. A grei tristeira, calada, seguía el cadaleito respectuosamente. Diante dela ía a muller del capitán, xa non choraba. El Nelín matinou que a el lle gustaría que el soterrasen mirando al mar. No cemeterio de Aldán mirábase el mar. Polo menos el capitán hase entreter ollando para os vellos que andan al polbo. Da igrexa que aproaba cara el oeste chegaban as badalladas de morte. El Nelín ben sabía que non soaban só polo sou capitán, faltaban no enterro dous homes máis del *Porto Mouriño* que ingresaran onte en Povisa, un xa máis morto que vivo. Riu. Pola mañanía comprobara resignado que lle estaba a caer a pelame toda.

* * *

El avión del profesor O'Kinley despegou con normalidade de Peinador. El profesor tivera a sorte de viaxar nuha xanelía. Marchaba pesaroso cara Dublín. Pesaroso e enoxado. Non fora quen de lle contar a aquel simpático rapaz del museo a verdadeira historia dos *Iamok Teistcë*. Levaba toda a vida esculcando as pegadas misteriosas deste fantástico pobo na historia e cuando atopaba a confirmación derradeira da súa existencia, cuando conseguira cuadrar todas as pezas del crebacabezas, os refugallos da vella educación victoriana impedíronlle dicir a un arqueólogo galego que descubriera uha tribo extraterrestre que vivira dacabalo del Atlántico norte hai máis de 2000 anos. Todo polo medo al ridículo. Consolouse mentres ollaba el increíble solpor atrás das illas Ficas matinando que talvez el rapaz se decatara da verdadeira historia se era un chisco argute. Ou non. Poida que non.

* * *

Xan artellaba nel sou computador as derradeiras verbas del informe. Xa tía os resultados das análises feitas polo parvo de Estrada e non amosaban nada anormal, nada que el obrigase a cuando menos a contemplar a inclusión no relatorio da vella lenda de O'Kinley. De feito, el mesmo quixera restarlle importancia, como pesaroso de tela contado. Non ía escribir nada dela. Pensou un momento no que farían os directores se lesen aquilo. Nel ánfora viaxaba el alimento dun estraño animal domesticado por uha antiga tribo galaico-irlandesa. Un animal no que viaxaba a tribo toda dun sitio a el outro. Polo aire. Matinou nos directores montándolle uhas xornadas de ufloxía no museo. Odiaba aos grillados dos ovnis.

* * *

Uha moréa de rapaces bulideiros rachaba el sombrío silencio del pazo. Era uha das visitas del programa *Coñece a túa cidade* organizado polas concellerías de Cultura e Medioambiente del concello vigués. Diante delos, Xeneroso, el amaneirado guía del museo, tentaba en balde de conter el fato de diabríos que ameazaban con estragar alguha das obras de arte. Ademais de ignorar por completo as explicaciois del guía. De súpeto, un grupo daqueles rapaces amoreouse diante duha vella ánfora romana. Que é isto Xeni? Trátase dun ánfora recuperada no Gran Sol, vestixio del importante tráfico marítimo nel época romana entre el norte de Hispania e as Illas Británicas. Por que tedes tanta curiosidade? Non, por nada. É que ten uns simbolíos iguais aos das naves da guerra das galaxias.

EL HOME E OS MEDIOS

Este relato foi galardoado no premio da universidade de Vigo de Relato Curto 2000

Estaba no sou cuarto, vendo de amañar a merda de radiador que non fucaba. Ía frío, e el non quería ter frío, quería estar a gusto, non notar el frío incómodo nos pés. É curioso, pensaba, aínda que el frío chega de vagarín, as máis das veces é xa tarde cuando te decatás que o teís. Estame a coller el frío. Pii! Expresión errónea, el frío xa te colleu cuando el dices. Saliu da sala na procura del vello radiador, el de ferro que queima e que non hai quen colla se leva tempo prendido. Si, é vello pero vai, queima, mais calece; é un dos grandes enigmas da humanidade: as cousas vellas duran máis e son mellores, por qué carallo mercamos as novas? A merda da publicidade. Cortou el monólogo mental uha chamada urxente da canela. Un nervio, son elos os que sinten?, chamaba a base de operaciois del cerebro avisando que topara coel moble que estaba no corredor, del que trataba de lembrar el sou nome afrancesado mentres choutaba diante del á pata coxa, coel vello radiador na mao. De alí a un pedazo conseguiu tranquilizar el nervio da perna, el perigo xa pasou. Entrou na sala; prendeu el radiador e viu como as duas barras horizontais comezaban a coller color cóa calor. Funciona. Sentou, máis ben estrumouse no sofá e a sua mao levada por sabe Deus que forzas foi caer lenemente derriba del mando da tele. Veña a ver que botan. Premeu el botón vermello, sempre é vermello. E a voz primeiro, e a figura despois da presentadora del telexornal apareceu na pantalla. Trocara a súa expresión indiferente e el sou sorriso cómplice, faille gracia ata que morran douscentos tipos nun avión, por un xesto fundamente serio; foi isto e non el que dicía el que lle chamou antes a atención.

- ... *seguen as pescudas por parte dos Carabinieri e do propio servicio de intelixencia do Vaticano...*-Mira tu pra os curas! -... *pero polo de agora non se sabe nada da desaparición da Súa Santidade. Ben...*-A presentadora semellaba

non ser quen de continuar, carallo nin que fose tou pai! *...ben, logo da información do tempo e dos deportes continuaremos ofrecéndolles información sobre este tráxico suceso.*

Hostia!, raptaríanos os mouros? A impresión da noticia foi fonda e ata lle pareceu enxergar un punto de preocupación no rostro de Santiago Pemán namentres oficiaba el servicio eucarístico de todos os días.

... entre Bares e Fisterra ventos do Nordés de intensidade tres a cinco con ondas de dous metros, visibilidade de regular a boa, coa posibilidade de aparición de bancos de néboa...

Se el asunto preocupa a Santiago I (el imperturbábel) a cousa é seria.

A sua halucinación chegou xa aos límites del irracional cuando asomou el careto de enterro del Fidel Fernán. Nada, apareceu morto na bañeira.

... a situación, como poden comprobar, tórnase en dramática, a autodenominada Fundación Nova Igrexa dá un prazo de 24 horas para que se cumpran as súas, ehem, perdón as súas esixencias...-E estos carallos quen son! ... de non ser así procederán a executar a Súa Santidade, Xoán Pablo II.

Mira, non lle chama Xoán Paulo, a movida si que é ben seria. Ergueuse del sofá e foi cara el teléfono, colleu el auricular e marcou; salíulle a somnolenta voz del Xabo.

- Diga?
- Ei, ollache el telexornal?
- Que! sácasme da cama para ver se mirei a tele?
- Non a mirache?
- Non, hoder. Non a mirei, onte cheguei mogollón de tarde.

Podía imaxinar como as conexións mentais de Xabo comezaban a espertar na súa testa, al tempo que lle chegaba unha dor punzante saída dos altos falantes del derradeiro garito da noite.

- Pois raptaron al Papa uns fulanos de non sei qué secta ou igrexa...

- Mira! vai tomar polo cu.

Escuitou el clic al colgar Xabo e el ritmo bacallaeiro del seu teléfono fexo que el tamén colgase; vale, se non me cres peor para ti.

Volveu, mergullou no sofá e comezou un zapin feroz atrás del rastro dos secuestradores.

Atopouno en Tele 5. A imaxe era impresionante, detrás del enviado especial da cadea en Roma víase a multitude na praza de San Pedro, algúns chorando, outros pregando afervoadamente pola salvación da Súa Santidade. El home, mui serio, contaba a vida e milagres del Papa, Xoán Paulo II. El vello reloxo deu as badalladas das 4, debería poerme a chapar, a idea creoulle unha sensación de desacougo. Pero, se matan al Papa non haberá clase? non?, non lle gustou pensar isto, el fulano tampouco era mala persoa. Aínda que ter unha ou dúas semanas máis para el parcial de orgánica era bon choio. A voz da razón, esa que ultimamente aparecía mui de cuando en vez pola súa testa, contestoulle que el Papa non era el Rei ou el presidente da Xunta e se o asasinaban mesmo nin suspendían as clases. Pois hai que se enteirar, non vaia estudar por estudar.

Ergueu del sofá, foi cara á cocía e abriu el frigorífico, unha primeira ollada non lle ensinou nada apetecíbel. Quedou coma un paspán vendo para un morea de amorodos que comezaban a podreecer nuha conca, de golpe toda a historia del secuestro estáballe a ferver na cabeza. Quen carallo serán os que el tein secuestrado? Qué pedirán? E a pregunta del millón, mataranno?

Estas inquedanzas leváronno a xantar el iogur que finalmente collera al salón. El correspondente de Tele 5 seguía a falar na tele, e dende a cocía só escuitaba un murmurio inintelixíbel.

de pesetas, -...la banda terrorista pide por último un rescate de mil millones

de dólares, unos 130 millardos...- *que pedante el tío, non podía dicilo en pesos? Ía enteirse mellor a xente.* -... que ellos mismos canalizarían de manera totalmente transparente hasta los más desfavorecidos de sus feligreses y utilizándolos además para dotar de las mínimas necesidades a los más de...

A perplexidade fexo que lle caese iogur no pantalón, merda!, limpou mecanicamente a perneira sen quitar a mirada del aparato.

-... apenas se sabe nada de esta organización, ni tan siquiera cuantos altos miembros de la curia romana están implicados. Por el momento sólo se conoce la identidad del líder de la organización, el cardenal Nuno Gomes, arzobispo de Recife.

A sua expresión trocou da incredulidade al sorriso, a mía mai sempre el diz: non todos os curas son malos, ho! tratábase dun grupo de cregos radicais! Non se desestabilizaba coel riso por non parecer parvo rindo só diante del televisor.

El correspondente despediu a conexión dende a praza de San Pedro, e a "cadéa amiga" ía emitir un gran telefilme. A ver se botan algo nalgures. Trocou de cál e só na primeira estaban coel asunto, entrevistando a un crego gordín, con pinta de bispo polo menos, que falaba beatíficamente. Bah! Este tío é un coñazo, vou ver na radio. Choutou del sofá, colleu el vello radiador , carallo! E foi cara al sou cuarto.

El frío deulle na cara al salir da calor del salón féndolle retroceder involuntariamente.

Entrou no cuarto e premendo el botón vermello fexo aparecer nos altofalantes a Ana Kiro e á "Orquesta Cruceiro", moveu a roda e á fin atopou entre mil voces uha que lle falaba a el.

- ...acaba de terminar la rueda de prensa del cardenal Kutarski, jefe de la

Congregación para la Doctrina de la Fe en la que ha dejado claro que...

Merda!, Ana Kiro interrompeu al cardeal allea ao que acontecía mentres cantaba Aquela noite.

Un suave toque fexo volver á sua voz.

- ...por lo de ahora no se sabe nada más, suponemos que dentro de aproximadamente unas 2 horas volverá a aparecer el cardenal Kutarski para dar una respuesta oficial de la iglesia a las exigencias de la organización Nueva Iglesia, esto es todo por ahora desde el Vaticano, devolvemos la conexión a nuestros estudios en Madrid, ¿Antonio?. Sí, gracias Ignacio Benito corresponsal de esta casa en Roma. Como ven, el asunto cobra cada vez peor cariz.

El ruído da porta da entrada al pechar féxolle dar un brinco, deu a volta e atopou al sou irmao que o fitaba argalleiro.

- Qué? Estás flipando cúa movida del Papa, eh?. É cousa da CIA ho, por ir a Cuba el ano pasado de bo rolo coel Fidel. Víche a bóla de basquet?, vou ata embaxo botar uha pachanga.

A este tráella frouxa el Papa del carallo.

- Non está.

- Non está, quen?

- A bóla, non está. Tenna Xan na sua casa

- Vale! Vou buscala ata aló. Non teis un exame? Se chapases en vez de andar a fozar na radio igual che ía mellor.

-Home! se matan al Papa non terei exame.

- Si, iso si. Veña macho! Chao!

- Ata lougo.

Quedou ollando para a radio na que agora Pucho Boedo substituíra a Ana Kiro na luita cúa información papal. Un toque del todopoderoso botón vermello e a voz del de A Coruña esmoreceu ata desaparecer.

El despertador marcaba as 16:47, voume poer a chapar, botou mao dos apuntamentos de orgánica e deitouse con eles. Tema primeiro “alcanos e cicloalcanos”. Durante algún tempo as proxecciois de Fischer e os isómeros funcionais conseguiron afastalo del mundo, mais chegando al final del terceiro tema a imaxe de Carol Woitjla atado e implorándolle axuda dende a expresión angustiosa del sou rostro rachou con forza os enlaces carbono-carbono da amina secundaria que tía entre maos.

Abriu os ollos e el despertador inmisericorde deulle cóas 20:54 na cara. Merda! quedei durmido. Uha ollada pola xanela del cuarto confirmoulle el que lle dicía el reloxo. Apenas había xente na rúa, non se vía coche ningún e só el sou irmao e cuatro rapaces máis estaban nos campos fronte a súa casa.

El Papa!, a idea levoulo al salón e nun xesto de rebeldía achegouse al televisor para prendelo.

El 1 verde apareceu no recanto muito antes que a imaxe. Seguro que as demais cadéas pagan para que todas as teles teñan mando. De novo a praza, de novo a xente pregando, semellaba que a toma era dende el mesmo miradoiro onde estaba antes el fulano da cadéa amiga. Uha muller entrou dende un lateral e colocouse diante da cámara, é a Gómez Borrero, esa!, a muller tía os ollos vermellos de chorar e sorbía mocos e lágrimas dun xeito que lle pareceu pouco elegante pero ben humano.

Matáronno!, quedou coma un paspán a medio metro del aparato.

- Señores, Su Santidad Juan Pablo II ha sido vilmente asesinado por el grupo terrorista Nueva Iglesia...

A pobre señora non era quen de continuar, uns brazos anónimos trataron de detela na súa fuxida das cámaras, mais remataron por servir de agocho al sou pranto.

Seguía pegado al aparato e por un intre cuase que sentiu compaixón pola

dona, pero un novo sentimento agromou de súpeto, nalgues tían que estar botando máis chicha.

Trocou de cá e baixo un letreiro de exclusiva mundial ollou a Carol Woitjla atado nuha cadeira branca, vello e tranquilo, custodiado por un home encarrapuchado que levaba na man unha AK-47 e vestía sotana.

Uha mao pousou no sou ombreiro féndolle saloucar.

- Vas quedar tupi de tanto ver para a tele.

- Cabrón! Qué susto me deches... Cargáronse al Papa, tío.

- E que? Poen outro novo e fóra. Qué carallo estás vendo?

- Creo que van poer en directo cómo el matan.

El sou irmao sentou no sofá e deulle volume á televisión, dende fóra da toma alguén falaba alporizado, a cámara xirou bruscamente e despois duns segundos conseguiu encadrar a imaxe dun crego negro que berraba como se estivese no púlpito.

-... é a incoerência da igreja, essa mesma incoerência que lhes fai ficar de braços cruzados perante as injustiças...

- Este quen é?

- Debe ser el bispo brasileiro

- El que?

- El xefe, carallo, el xefe dos Nova Igrexa esos.

- Ah.

-... nós repudiamos uma igreja que trabalha para os ricos servilmente e não defende aos pidientes, desouvindo as ensinanças do nosso Senhor. Qué não lhes engane a aparência deste homem! O lobo bem pode levar uma pel de carneiro, mas lobo é quando está ao lado dos lobos, dos tiranos e opressores...

El home achegouse al Papa e sacou uha pistola que colocou na súa tempa.

- Os pobres, os indigentes do mundo, os nenos que morrem com a fome a miséria mentres os cregos farturentos e orgullosos, conspiram, mintem e roubam no seu nome, esses pobres são os fillos do Señor os seus irmáos! E Ele diz que a súa furiosa cólera cairía acima de quem tentase de destruír os seus irmáos. Que assim seja.

- Máatalo!, el berro del sou irmán féxolo chimpar no sito.

El Papa ergueu a testa, e a súa mirada topou cóa del crego, que el seguía a encanonar cóa pistola, na súa face non había medo, tan só taban el cansazo da vellez e uha expresión de amargura, duha dor que lle vía de dentro.

- Amén -dixo.

El ruído del disparo resoou no salón, e a impresión das imaxes fexo que ficase uns segundos nuha especie de transe. Cuando acordou, uha muller ensinaba as bragas da súa filla al home del deterxente.

-Ves como estás aparvado cóa tele, Veña! Imos botar un partidín abaxo, que seguro que suspenden el noso exame.

-Vale.

TRABADAS

*Adicado ao Kinoto por me contar
esta historia un día en Monforte.*

O arrecendo dos garabullos de bidureira que a mai viña de botar ao lume se espaxecía pola cocía toda. Noutras ocasións parecéralles agradábel. Desta volta ningún caeu na conta. O pai estaba no medio dos seus fillos, co corazón rachado á metade: o vecín, o fillo de Nalbora, agardaba fóra aprestado a marchar cara Cuba. Agardaba tan só saberes cual sería o seu acompañante. O pai sabía que non había outra solución, que a ledicia non enche bandullos, que a fame pode traer máis tristura que unha separación. Manoel e mais Eladio estaban coa testa gacha. Xa eran abondo maiores para comprender que debían de procurar os seus propios camiños, se cuadra por iso tamén o eran para se sentir tristes. O pai mandou o peso ao aire. Mentres a moeda xiraba eternamente cara o ceo da cocía, todos sentiron o canto dun cuquelo que entraba pola ventá aberta. A mai soubo entón que non miraría máis ao fillo que lle ían arrincar da alma. Señala cual for dos dous. Non aturou máis; non quería mancar o seu corazón xa embriado. Non quería abrir as fendas vellas polas que lle fuxía a vida. Liscoou ao seu cuarto.

O pai estracuñou con forza o peso e preguntoulle ao fillo maior:

– Cara ou cruz?

Manoel mirou a seu irmo pequeno, compañeiro de lideiras. Este non foi quen de termarlle a mirada. Tamén mirou polo fornellín da cocía o lume comendo a leña. Dixo cruz. O seu pai abriu as maos e os tres miraron a face do culpábel das súas miserias. Eladio rompeu a chorar. O pai aguantou as lágrimas ata que lle

fixeron dano no gorgoleiro. Aínda así seguiu aguantándoas. O fillo maior saliu axina da casa, colleu a maletía e saliu. Na corrada estaban as nenas. As cuatro irmás. Un pouco máis lonxe estaba o fillo de Nalbora, sentado na súa maleta ao pé do camín de A Veiga. Manoel despediuse das tres irmás maiores entre choros. Colleu a pequena no colo. Cuando o sou irmáo a colleu nos brazos, Cándida traboulo con forza no antebrazo querendo retelo. Manoel levantou a manga da camisa e mirou a marca dos dentes pequerrechos da irmá na súa carne. Tía forza para ter só dous anos, cuase lle fixera sangue. Pousoula no chao e foi onde o sou compañeiro e xuntos colleron o camín de A Veiga para colleren o coche que os levaría ao porto de A Coruña. A cuza seguiu o sou amo ata que este a fexo voltiar co rabo entre as pernas. A *Moura* non entendeu nada. O pai mirou dende a xanela como lle marchaba o fillo ata que os teixos e bidureiras comeron as dúas siluetas. O aire frío que baixaba da cuíña da Bobia comezaba traer os primeiros faloupíos do inverno.

Eladín manobraba no John Deere con destreza tratando de fender os tocois de carballo. A súa muller axudábalo mentres a avola Cándida os ollaba dende un tallolo á porta da casa. Miraron un coche que eslimaba pola aba de Penouta cara o pobro. Pareceulles un taxi de Boal. El coche pasou El Gumio sen se deter e foise achegando á aldea. Dende el balcón da casa a nena berroulle á mai,

- Mami!, ven o taxi de Pepín, a quen traerá?

Os berros da nena apenas se escuitaban agochados na música que salía da minicadéa último modelo regalo do padrín. Eladín mandou a sua filla baixar o volume. O taxi atravesou a aldea cara Ca'Santiago, a sua casa. Todos quedaron mui estrañados ao veren o home vello que baixaba do taxi de Pepín. Tamén lles estrañou a expresión sorrinte do taxista. Todos menos a avola Cándida. Ela non tardou nen un segundo en se decatar quen era aquel vello. O home dirixiuse onde ela e mui a modín foi dobrando a manga da súa camisa. Foi aparecendo

uha pel tostada que contrastaba co ton esbrancuxado dos demais presentes. En remangando a camisa, o home díxolle a Cándida.

- Mira.

E todos ollaron no brazo de Manoel as marcas da trabada duha boca pequenía que nunca marchara da pel nen da alma daquel rapaz da aldea.



<http://www.terra.es/personal/cvalledor>
<http://www.romaniaminor.net>

BIBLIOTECA VIRUTAL EONAVIEGA

2002